

ADEMAIS...

Xeración Down, a
ollada de 7 familias
feita documental

España rectifica:
O dereito a voto
volta a ser universal

O OrientaConsello
estrea a 2ª tempada
cun xiro de formato

'FESTA POLA INCLUSIÓN': MÚSICA, MAXIA, HUMOR E REIVINDICACIÓNS

Máis de 400 persoas celebran o 20º aniversario de Down Galicia



ÍNDICE

 Así foi a <i>Festa pola Inclusión</i> , un 20º aniversario único	3
 Famos@s e anónim@s na campaña <i>#EstáNaTúaMan</i>	17
 <i>Xeración Down</i> , un documental con 7 puntos de vista	19
 A mostra <i>Un longo camiño feito, moito por percorrer</i>	21
España rectifica: O dereito a voto volta a ser universal	23
Logran a detección precoz do Alzheimer no sangue	27
1.000 accións de Orientación Laboral no 2017-18	29
Regresa o OrientaConsello cun cambio de rumbo	31
Santiago acolle o Encontro de familias e irmáns	33
Máis noticias?	37
Séguenos!	38



ASÍ FOI A FESTA POLA INCLUSIÓN, O 20º ANIVERSARIO DE DOWN GALICIA

Máis de 400 persoas déronse cita o sábado 20 de outubro no Auditorio Abanca de Santiago de Compostela para celebrar o 20 aniversario da Federación Down Galicia. A entidade cumpre dúas décadas de intenso traballo a prol da inclusión real na sociedade das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

O seu obxectivo é conseguir que as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais acaden as máis altas cotas de auto xestión posibles para levar unha vida autónoma, tomar as súas propias decisións e formar parte da sociedade de maneira visible e inclusiva.

Para celebrar o camiño percorrido, a Federación organizou a *Festa pola Inclusión*, un gran evento lúdico e festivo repleto de música, humor, maxia e reivindicacións. Este acontecemento único, conducido pola presentadora de televisión **Sonia López** e persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais usuarias das entidades Down, contou coas actuacións sempre desinteresadas de Lucía Pérez, o Coro da Rá, o Mago Rafa e De Vacas.

UN GRAN EVENTO PARA UN DÍA ÚNICO

Lucía Pérez, representante española de Eurovisión no ano 2011, compartiu con tódalas persoas asistentes tres temas do seu novo disco “Quince soles”.

O magnífico **Coro da Rá**, dirixido por Ramón Bermejo, exhibiu o seu grande talento con tres pezas a cinco voces.

O tempo para o ilusionismo chegou da man do **Mago Rafa**, que conseguiu deixar a todo o mundo coa boca aberta cos seus increíbles trucos de maxia.

Por último, o grupo compostelá **De Vacas** pechou este evento cos seus éxitos “Unha noite máis”, “Amodiño” e “De noite e de día”, cos que conseguiron poñer a todo o público en pé.

A Festa pola Inclusión contou tamén coa estrea da curta documental “**Xeración Down**”.

A recadación obtida coas entradas, que tiñan un custe de 10€, será integramente destinado ós programas que Down Galicia e as súas sete entidades levan a cabo e que actualmente dan servizo a 658 familias de toda a xeografía do país.





testa pola inclusión

20 anos DOWN Galicia





ENTREGADOS OS V PREMIOS DOWN GALICIA

A Federación tamén entregou durante a *Festa pola Inclusión* os V Premios Down Galicia, que teñen por obxecto recoñecer o labor a prol da promoción da autonomía e igualdade das persoas coa síndrome de Down, realizado tanto por institucións e entidades como por persoas particulares.

O premio na categoría institucional foille concedido á compañía de recambios para o automóbil Feu Vert, por ser a primeira empresa que contactou por iniciativa propia con Down Galicia para interesarse polo seu programa de Emprego con Apoio. Ademais, nestes momentos ten contratadas a cinco persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais nas súas tendas galegas.

Mentres, na categoría de persoa particular, o galardón foille concedido a José Ramón Vázquez, antigo coordinador da oficina de voluntarios da zona Noroeste de BBVA, pola súa colaboración na implantación e continuidade do programa de prácticas formativas para persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais nas oficinas de BBVA de toda Galicia.

Co gallo do 20 aniversario, a Federación entregou un Premio Extraordinario que recaeu en Miguel Carballa e Eloísa Teijeira, por ter colaborado ao longo de moitos anos de forma desinteresada no camiño de Down Galicia a prol da inclusión educativa.





¡XA PODES VER AQUÍ TODAS AS FOTOS DA FESTA POLA INCLUSIÓN!





FAMOS@S E ANÓNIM@S ÚNENSE Á CAMPAÑA #ESTÁNaTÚAMAN

#EstáNaTúaMan é a campaña de sensibilización coa que a Federación Down Galicia quere concienciar sobre a importancia da inclusión das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais. A súa intención é que todo o mundo entenda que está na man de cada un converter esta sociedade nun lugar no que se respecten os dereitos de todas as persoas e no que se aprenda a ver a este colectivo sen prexuízos nin estereotipos.

Esta acción conta co apoio de rostros coñecidos do mundo da música, da televisión e do deporte do noso país, como os cantantes Amaia e Alfred (Operación Triunfo 2017), a actriz Isabel Naveira ou a presentadora de televisión Nieves Rodríguez.

Coa intención de facelo viral, Down Galicia anima a calquera que o desexe a publicar en Facebook, Twitter ou Instagram unha foto ou vídeo na que mencionen a Federación, lle dean os seus parabéns, amosen as súas reivindicacións e se sumen á campaña debuxando un sorriso na palma da súa man.

**Xa podes ver os diferentes vídeos
da campaña #EstáNaTúaMan.
Fai clic na imaxe da esquerda!**

XERACIÓN DOWN, A OLLADA DE 7 FAMILIAS AO LONGO DE 20 ANOS FEITA DOCUMENTAL

A *Festa pola Inclusión* foi o momento escollido para a estrea da curta documental *Xeración Down*, que plasma todo o que significou para as familias a creación e o desenvolvemento do movemento Down en Galicia a todos niveis. No vídeo divulgativo, dirixido polo Departamento de Comunicación, sete rapaces e rapazas de todas as entidades que forman Down Galicia e as súas familias explican cos seus testemuños a súa evolución grazas aos apoios recibidos nas súas asociacións e por parte da Federación durante as últimas dúas décadas.



UNHA MOSTRA PARA REIVINDICAR O LOGRADO E O QUE QUEDA POR FACER

Con motivo do seu 20 aniversario, Down Galicia preparou a campaña fotográfica *Un longo camiño feito, moito por percorrer*, unha serie de sete fotografías, centradas no ciclo vital dunha persoa, que pretenden dar visibilidade á evolución experimentada pola sociedade en canto á inclusión e á adquisición de dereitos do colectivo que representamos. Pero tamén se intenta reivindicar todo o traballo que aínda queda por facer. Esta exposición veu a luz o pasado 20 de outubro, na *Festa pola inclusión*, e está agora dispoñible na web de Down Galicia.

Accede á exposición
facendo clic na imaxe!



2002

2018

**“As actividades que fago na asociación
desde pequena danme maior calidade de vida”**

👤 Cristina, 18 anos
🏠 Down Compostela

Un longo camiño feito, moito por percorrer

A Federación Down Galicia cumpre 20 anos de loita pola inclusión e os dereitos das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais



ESPAÑA RECTIFICA: O DEREITO A VOTO VOLTA A SER UNIVERSAL

O 18 de outubro vivimos un fito histórico na defensa dos dereitos das persoas con discapacidade: a aprobación da reforma da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral (LOREG) que permitirá eliminar a posibilidade de que, nos procedementos de incapacitación legal, os xuíces poidan privar do dereito de voto a determinadas persoas por motivos asociados á súa discapacidade. Representantes do movemento asociativo da discapacidade e decenas de persoas con discapacidade foron testemuñas do debate desde a tribuna de invitados do Congreso dos Deputados.

Tras esta aprobación por unanimidade, o texto chegará ao Senado, onde con toda probabilidade será aprobado definitivamente. Despois, volverá á Cámara baixa onde se podería producir a aprobación definitiva da reforma da Lei Orgánica 5/1985 do Réxime Electoral Xeral (LOREG). Se se cumpren os prazos establecidos, a reforma da LOREG entrará en vigor antes do Día Internacional e Europeo das Persoas con Discapacidade (3 de decembro).

Unha vez feita efectiva, os xuíces e tribunais non terán capacidade de decidir se unha persoa reúne as aptitudes para poder exercer o seu dereito ao voto, xa que a modificación desta lei suprima os apartados que establecen que carecen do dereito ao voto “os declarados incapaces en virtude de sentenza xudicial firme”. Segundo datos da Oficina do Censo Electoral, case 100.000 persoas con discapacidade atoparíanse nesta situación.

Nas inmediacións do Congreso, responsables das entidades e persoas con discapacidade e as súas familias a título individual quixeron estar presentes para mostrar a súa satisfacción polo feito de que o Congreso dos Deputados dese luz verde a esta reivindicación.

#MiVotoCuenta

Down España, o Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade (CERMI) e Plena Inclusión celebraron en febreiro de 2017 unha concentración ante o Tribunal Constitucional co lema #MiVotoCuenta.

Por mor desta concentración e a suxestión do CERMI, a Asemblea de Madrid elevou unha iniciativa lexislativa, promovida polo Grupo Parlamentario Socialista e aprobada no parlamento rexional co respaldo de todos os grupos políticos, ao Congreso dos Deputados. O debate tivo lugar en novembro do ano pasado e recibiu o apoio unánime. En setembro, a reforma da lei superaba o seu primeiro paso lexislativo co ditame favorable da Comisión Constitucional da Cámara baixa e a súa aprobación hai unha semana.

En xullo, foi o Consello de Europa o que se pronunciou e advertiu a España que non pode privar do dereito ao voto ás persoas con discapacidade. Así o manifestou a comisionada europea de Dereitos Humanos do Consello de Europa, Dunja Mijatovic, nas súas observacións escritas presentadas ante o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos sobre o caso da española María del Mar Caamaño Vale contra España por retirarlle este dereito un tribunal.



UN BIOMARCADOR EN SANGUE DETECTA O ALZHEIMER EN PERSOAS COA SÍNDROME DE DOWN

Un estudo do Hospital da Santa Creu i Sant Pau de Barcelona descubriu un biomarcador en sangue que permite detectar precozmente a enfermidade de alzhéimer en persoas coa síndrome de Down, e que podería supoñer un cambio de paradigma no seu diagnóstico porque é facilmente accesible e de baixo custo, permitindo a súa detección máis temperá e máis precisa.

As persoas coa síndrome de Down contan cunha copia extra no par 21 de cromosomas (trisomía) o que fai que teñan unha maior predisposición xenética a padecer alzhéimer. A detección dos primeiros síntomas de enfermidades neurodexenerativas en persoas coa síndrome de Down supuxo un continuo reto para os neurólogos e investigadores nas últimas décadas, pois moitas veces os signos da discapacidade enmascarábanse con outros propios do alzhéimer ao chegar a certa idade.

Con apenas 40 anos, o cerebro dunha persoa coa síndrome de Down xa presenta marcadores característicos dalgunhas enfermidades neurodexenerativas. E a partir dos 60 anos calcúlase que ata o 90% dos pacientes cunha dobre copia do cromosoma 21 presentan síntomas clínicos de alzhéimer. Pero aínda así, a detección precoz desta enfermidade segue presentando retos tanto clínicos como humanos.

O novo estudo publicado na revista The Lancet Neurology, do equipo de investigación liderado polo doutor Rafael Blesa suxire o rastreo dun biomarcador coñecido como cadea lixeira de neurofilamentos (NFL) en mostras de líquido cefalorraquídeo e mostras de plasma como ferramenta para diagnosticar o alzhéimer. Un cambio de paradigma no diagnóstico que, de acordo cos investigadores, tamén supoñería o uso dunha ferramenta facilmente accesible e de baixo custo como é a análise de sangue ou a punción lumbar.

Para este estudo analizáronse 282 mostras de plasma e 94 mostras de líquido cefalorraquídeo de persoas coa síndrome de Down, a mostra máis grande ata a data neste tipo de investigacións. Este novo achado queda enmarcado nun programa DABNI (Down Alzheimer Barcelona Neuroimaging Initiative) impulsado por Obra Social “la Caixa” para identificar biomarcadores da deterioración cognitiva en persoas coa síndrome de Down e contou coa colaboración da Fundación Catalá Síndrome de Down.



O SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL DE DOWN GALICIA SUPERA O MILLAR DE ACCIÓNS NO PERÍODO 2017-2018

O Servizo de Orientación Laboral de Down Galicia contabilizou no pasado período 1.144 accións de orientación para un total de 234 persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais en busca activa de emprego. As accións desenvolvéronse entre febreiro de 2017 e xaneiro de 2018, no caso das técnicas de orientación das provincias de A Coruña e Pontevedra, e de setembro de 2017 a agosto de 2018 no caso da técnica de orientación das provincias de Lugo e Ourense.



Sesión de Orientación Laboral en Down Lugo

As accións de orientación realizadas van encamiñadas a facilitarlle estratexias e recursos axeitados ás persoas inscritas na bolsa de demandantes do Servizo de Orientación de Down Galicia, de xeito que a súa busca activa de emprego sexa máis efectiva. Os grandes grupos de accións de orientación laboral compóñense de itinerarios personalizados de inserción (317 entrevistas), sesións grupais (222) e entrevistas personalizadas (827), co obxectivo de dar resposta ás necesidades dos demandantes de emprego en función do seu perfil profesional. Por outra banda, tamén se manteñen reunións ou entrevistas telefónicas coas familias, chegando a un total de 191 no período analizado.

O servizo conta con persoal técnico especializado e realiza as súas actuacións nas principais cidades galegas. Para elo, conta con tres orientadoras laborais, que prestan servizo itinerante desde os tres centros de traballo, situados en Santiago de Compostela, Vigo e Ourense, para dar cobertura á provincia de A Coruña -Ferrol, A Coruña, e Compostela-; á provincia de Pontevedra -Pontevedra e Vigo-; e ás provincias de Ourense e Lugo -Ourense, Lugo e Monforte de Lemos-, respectivamente.

O Servizo de Información, Orientación e Prospección de Emprego de Down Galicia (IOPE) é centro colaborador do Servizo Público de Emprego de Galicia, tendo competencias en materia de modificación de datos e actualización dos currículos dos demandantes que teñen como centro titor Down Galicia. Este servizo está financiado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

O ORIENTACONSELLO ESTREA 2ª TEMPADA CHEO DE NOVIDADES

Down Galicia vén de presentar unha nova temporada do OrientaConsello, o microespazo en Youtube dedicado á busca activa de emprego, cun xiro no seu formato.

Nesta etapa o pequeno programa muda para aportar un punto de vista máis práctico sobre a empregabilidade. A partir de agora cada episodio afonda nun oficio concreto, explicando as súas tarefas, considerando as aptitudes para o mesmo e vendo exemplos do mal e o bo facer.

Os primeiros dous capítulos desta segunda temporada están protagonizados por Paula Fernández e Daniel Pombo, membros de Down Compostela. Mentres a primeira fala do oficio de ordenanza, o segundo fai o seu co de camareiro ou camareira.

Esta iniciativa da Federación reivindica a inclusión e a filosofía colaborativa da rede, compartindo con todas aquelas persoas que o desexen consellos e trucos que as axuden na complicada tarefa que supón atopar un traballo.


OrientaConsello ten unha periodicidade mensual e son publicados na canle de Youtube e nas redes sociais da Federación.

Fai click nas imaxes para ver os vídeos!

Capítulo 14: O posto de ordenanza, por Paula Fernández



Capítulo 15: O posto de camareir@, por Daniel Pombo



COMPOSTELA ACOLLE OS ENCONTROS NACIONAIS DE FAMILIAS E IRMÁNS DE PERSOAS COA SÍNDROME DE DOWN

Como xa se anunciou na clausura dos encontros do ano pasado, Santiago de Compostela foi a cidade escollida para celebrar o XVIII Encontro de Familias e o X Encontro de Irmáns de Persoas coa síndrome de Down. A cita deste ano, co-organizada por Down España e Down Compostela, terá lugar no Hotel OCA-Porta do Camiño e no Eurostars San Lázaro entre os días 6 e 9 de decembro e conta co financiamento de Fundación ONCE, Xunta de Galicia, Concello de Santiago de Compostela e Fundación Sanitas.



A organización está a pechar os detalles do programa onde dará prioridade, como noutras ocasións, ós talleres prácticos e ós espazos de debate, atendendo ás demandas recollidas nas avaliacións do XVII Encontro Nacional de Familias celebrado o ano pasado en Chiclana de la Frontera-Sancti Petri.

Down España e Down Compostela abriron o prazo de preinscricións no mes de setembro e están a informar a través das súas canles (web, páxina de Facebook e perfil de Twitter oficiais) de todas novidades que van xurdindo destes dous encontros que terán lugar de maneira conxunta.

Tras a fase de preinscrición, as prazas definitivas asignáronse a través dun sorteo online a finais de setembro.

Este XVIII Encontro de Familias de Persoas coa síndrome de Down ten como obxectivos:

- Apoiar ás familias para facer posible o fomento da autonomía e vida independente dos seus fillos e fillas coa síndrome de Down.
- Potenciar o debate, a vinculación e o intercambio de experiencias entre familias e irmáns de persoas coa síndrome de Down.
- Gozar e compartir momentos de lecer e tempo libre con outras familias para aumentar a cohesión entre o colectivo.
- Dar protagonismo ás persoas coa síndrome de Down e ás súas familias.



MÁIS NOTICIAS?

Accede a www.downgalicia.org para informarte de todas as novidades e publicacións da Federación e as súas entidades membro. Velaquí algunhas, fai click para delas!

[Membros de Teima Down Ferrol deron o pregón que deu comezo ás festas da cidade](#)

”A nosa teima é *ferrolanear*, vivir Ferrol con intensidade, apostando polos recursos de esta cidade. Teimamos para exercer os nosos dereitos, para que ninguén se quede sen a súa oportunidade, para que todos e todas sexamos libres”. Lee aquí o discurso íntegro!

[A Fundación Mapfre reconece o labor inclusivo de Down Pontevedra ‘Xuntos’](#)

Down Pontevedra “Xuntos” recibiu en setembro, nun acto presidido pola Infanta Dona Elena de Borbón, unha mención especial da Fundación Mapfre pola súa traxectoria a favor da inclusión laboral das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

[Down Ourense e Iberdrola celebran o Día Internacional do Voluntariado](#)

A finais de setembro, a Fundación Iberdrola e Down Ourense gozaron dunha divertida xornada medioambiental polo Canón do río Sil onde traballadores e traballadoras de Iberdrola e membros da asociación realizaron unha ruta polo municipio ourensá de Parada de Sil.

SÉGUENOS!



DownGalicia.org



Facebook.com/DownGalicia



Twitter.com/DownGalicia



Youtube.com/DownGalicia



Flickr.com/DownGalicia

O Departamento de Comunicación de Down Galicia é o encargado de confeccionar, publicar e difundir todo evento ou aspecto noticioso das entidades membro da Federación. Non dubides en poñerte en contacto co mesmo no enderezo comunicacion@downgalicia.org.

[Consulta a nosa política de privacidade](#)

